



PRESENTACIÓN DE DOCUMENTACIÓN

Por existir máis demanda que oferta de postos escolares en:

- **4º de Educación Infantil (3 anos)**
- **5º de Educación Infantil (4 anos)**
- **1º de Primaria**

Os pais/nais/titores legais poden presentar do **24 de marzo ata o 4 de abril**, ambos inclusive, a documentación xustificativa dos méritos alegados para a aplicación dos criterios de admisión.

Deben traer os orixinais para cotexar.

A presentación desta documentación ten carácter voluntario. A falta de presentación impedirá valorar o criterio ou criterios para efectos de determinar a puntuación correspondente.

O Consello Escolar poderá requirir, de forma motivada, documentación complementaria, concedendo un prazo de 5 días para a súa presentación. A falta de presentación en prazo impedirá ter por acreditados os criterios afectados e impedirá valoralos.

DOCUMENTACIÓN XUSTIFICATIVA DOS PUNTOS ALEGADOS NO IMPRESO DE SOLICITUDE:

A. EXISTENCIA DE IRMÁN S NO CENTRO

Copia completa do libro ou libros de familia.

B. NAI, PAI, OU TITOR LEGAL QUE TRABALLE NO CENTRO

Certificación da dirección do propio centro.

C. PROXIMIDADE DO DOMICILIO FAMILIAR OU LUGAR DE TRABALLO DOS PROXENITORES AO CENTRO

a) Proximidade do domicilio familiar:

Certificado de empadramento, expedido polo concello. Expedido no 2014 e con antigüidade de alta mínima de 1 ano.

De non coincidir o domicilio familiar e fiscal, as familias interesadas deberán presentar a seguinte documentación: copia do título que lexitime a ocupación da vivenda declarada como domicilio familiar (**escritura de compravenda ou doazón, contrato de aluguer**) e **contrato de alta de recibos actualizados de subministracións (auga, luz, gas)** a nome da persoa que solicita a admisión.

Toda persoa que resida nun concello está obrigada a inscribirse no seu padrón (Art. 15 da Lei 7/1985. Cando o certificado de empadramento non cumpra o requisito da antigüidade, poderá xustificarse do mesmo xeito reflectido para o caso de non coincidencia dos domicilios fiscal e laboral.

b) Proximidade do lugar de traballo:

–No caso dos traballadores por conta allea, achegarase **un certificado expedido para o efecto polo empregador** xunto cunha **copia do contrato de traballo.**

–No caso de traballadores/as por conta propia, acreditarase mediante **alta censual inicial ante a Axencia Estatal de Administración Tributaria, con todas as posibles modificacións posteriores, e alta na Tesourería Xeral da Seguridade Social** no réxime correspondente.

– O persoal do servizo da administración pública presentará unha **certificación expedida pola xefatura de persoal** correspondente.

E. CONDICIÓ DE FAMILIA NUMEROSA

Fotocopia compulsada do título oficial en vigor ou do carné familiar galego expedidos pola Consellería de Traballo e Benestar.

F. CONDICIÓN DE FAMILIA MONOPARENTAL

Fotocopia do libro de familia, certificado de convivencia, resolución xudicial de separación, divorcio ou medidas paterno filiais ou convenio regulador.

G. CONCORRENCIA DE DISCAPACIDADE NA ALUMNA OU ALUMNO, OU EN PAI, NAI, TITOR/A, IRMÁ/N DO ALUMNADO (en grao igual ou superior ó 33%): máx. 4 puntos

Certificación do grao de minusvalía expedida pola Consellería de Traballo e Benestar ou, se é o caso, do órgano competente doutras administración públicas.